

Conxunto de canastros 1 a 5

030065

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator:	3206201
Coord. UTM:	X: 59350400 Y: 465174600
Concello:	Porqueira
Parroquia:	SAN LOURENZO DE ABELEDA
Lugar:	Reboreda
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de Almacenamento
Subtipo:	Canastro



Denominación: Conxunto de canastros 1 a 5

Etapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Conxunto de cinco canastros de madeira situados nunha aira e dispostos en paralelo cunha das rúas principais que atravesa o pobo. Seguindo a fotografía, o canastro da esquerda está composto por seis pés e outros tantos tornarratos circulares enriba. A cámara péchase nos lados costais mediante tres panos de doelas colocadas en posición vertical e atravesadas por cintas para a súa unión. Esa unión vese reforzada cuns balaustres dispostos en diagonal ó longo dos tres paneis de doelas. Nos lados penais, nun deles colócase a porta de acceso e no outro, pola mala conservación dos balaustres recubriuse de táboas cravadas en horizontal. Cuberta a dúas augas con tella curva. A cámara do segundo canastro apóiase noutros seis pés. Sobre catro destes pés descansan outros tantos tornarratos en forma de roda, e sobre unha parella dun extremo unha mesa rectangular. O corpo do hórreo vólvese cerrar mediante tres paneis de doelas dispostas verticalmente e atravesadas por faixas, debaixo das cales se cravan uns balaustres en diagonal que serven de reforzo na unión entre as doelas. Accédese á cámara pola porta situada nun dos lados penais. Cuberta a dúas augas con tella curva. A terceira das construcións está formada por tres parellas de esteos, sobre as parellas dos extremos álzanse dúas mesas de pedra rectangulares e sobre os dous pés do medio outros tantos tornarratos con forma de roda. Sobre este complexo descansa a cámara, pechada nos lados costais mediante dous panos de doelas verticais atravesadas por cintas. Nun dos lados penais adóptase o mesmo proceder, e no outro colócase a porta de acceso. Cuberta a dúas augas con tella plana. O seguinte canastro só conta con catro pés, sobre unha parella repousa unha mesa rectangular de pedra e sobre os outros dous, uns tornarratos con forma circular. Este soporte da paso á grade, sobre a que se levanta o peche da cámara a base de doelas dispostas en vertical e atravesadas por cintas. A porta de entrada queda situada nun dos lados penais. Coberta a dúas augas con tella plana. O último canastro do conxunto está composto por dúas parellas de esteos, enriba dos cales repousan outras dúas mesas de pedra rectangulares. O corpo do hórreo, de reducidas dimensións, péchase mediante unha disposición de doelas colocadas en posición horizontal e unidas a través de cintas. Nun dos lados penais sitúase a porta de acceso, neste caso cos balaustres dispostos verticalmente. Cuberta a dúas augas de tella curva, aínda que faltan algúns tramos da mesma.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

.. - - . .

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Madeira e granito

Mat. Cuberta: Tella

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 50m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección: É declarado Ben de Interese Cultural con arranxo ó Decreto 449 / 1973 do Ministerio de Educación y Ciencia.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Almacenamento /Sen uso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: O primeiro dos canastros do conxunto atópase nun mal estado de conservación, a conservación do segundo é regular, a dos dous seguintes é boa e a do último mala.





